

# Nun pobre presebe

XOÁN NEIRA

Onte á tarde, véspera de Noiteboa, metidos no ciclo do Nadal que tradicionalmente, desde a antigüedad, coincide co solsticio de inverno e que actualmente non se sabe moi ben cando comeza porque non ben rematado o verán xa nos introducen nas próximas "festas". Dicía que onte, véspera de Noiteboa, paseando por unha cidade galega corrian ríos de xente, a toda presa, entre luces multicolores (será para compensar as sombras da existencia que padecemos o resto do ano) e cánticos de fondo, cara aos grandes almacéns dispostos a aprovisionarse, a encher as súas casas de toda clase de obxectos materiais, os máis deles innecesarios. Definitivamente o consumismo apoderouse das nosas vidas.

Era unha barafunda imparable, robótica e nerviosa que ía e viña cun sorriso nos beizos e unha alegria calculada. Curiosamente neste mundo global e masificado, aparentemente comunicado, o ser humano séntese cada vez máis só e illado. Recoñezo que son un home que non aturo as multitudes, por iso paseaba un pouco afastado, pareime e ollei con tristura aquel entusiasmo artifioso. Naqueles minutos desfilaron pola miña mente todas as miserias do ano que nos pasaron por diante dos ollos diariamente con toda naturalidade. Pasei mala noite.



Hoxe, mentres isto escribo, anda a familia afanándose na cociña para que non falte de nada (seguro que sobrará de todo) na copiosa cea desta Noite e a un que é de bo dente non é o día que más lle apetece a comida, pero compartir mesa e conversa cos seus é motivo suficiente e saudable para poñer boa cara.

Despois dos postres viñeron os regalos para todos, unha morea de paquetes que trouxo un tal Papá Noel, un persoaxe alleo aos nosos costumes que se coou definitivamente nas nosas casas, adiantándose aos Reis Magos de Oriente. Na miña casa, non hai tanto tempo, esta Noite, antes dunha cea máis ben frugal, rezabamos axeonllados diante dunha cruz grande de madeira, a carón da lareira, polos nosos defuntiños, polos más necesitados e polos enfermos e agardabamos, mentres ardía a carrocha, con ilusión e impaciencia a Noite máxica de Reis, aquela noite de insomnio na que deixaba a ventá entreaberta para que as súas maxestades depositaran no zapato ou na zoca un humilde agasallo. Se había sorte, ¡Que ledicia máis grande levábamos! e despois, a cantar os Reis pola parroquia e pedir o aguinaldo.

Evidentemente, mudaron os tempos, pero non me coce o corpo nin a conciencia por moito que meu sogro, Henrique da Cigoñeira, chairego de sabia retranca, diga que "a conciencia era unha verza e comeuna unha vaca"; saber de tanta fame no mundo, tanta violencia de todos os xéneros e de tanta inxustiza social. ¡Arde o orbe en mil lumes de morte! Os herodes de hoxe en día són más e tan crueis como aquel Herodes que mandou matar todos os meniños menores de dous anos cando anunciaron a chegada dun novo Rei.

Corren tempos convulsos e aque-

*loutrados, miméticos e mediocres, estúpidos e noxentos, onde o poder, o egoísmo e a mentira son valores á alza, en plena crise da escala dos auténticos valores. ¿Que valores? Adoramos deuses e falsos mesías, estrelas fugacísimas de cartón.*

*Adurmiñados, anestesiados, hipnotizados na comodidade dos nosos fogares, ficamos pasivos e indiferentes ou miramos para outro lado ante esta decadencia persoal e colectiva.*

*Cómpre unha revolución, unha re(e)volución para evitar o abismo. Xesús foi un revolucionario que predicou a súa mensaxe de liberdade, xustiza e Amor e deu exemplo co seu testemuño enfrentándose aos poderes públicos da época e as leis que os protexían, púxose do lado dos marxinados e dos des-herdados e expulsou aos mercadores do templo. ¿A cantes tería que expulsar hoxe? Predicou sobretodo a humildade, xa desde o seu berce, desde o seu nacemento nun pobre presebe dun pobre portal á calor do alento da mula e do boi, animais, por certo, ben coñecidos para nós. Predicou a Verdade e a Paz, hoxe deostadas, dous mil anos despois érguense vergoñentos muros de odio na terra que o viu nacer, ¡Terrible!*

*Cómpre, insisto, unha catarse individual e colectiva, un esforzo de xenerosidade e solidariedade (que non quede só en palabras) para recuperar non só o sentido dun Nadal absolutamente deturpado senón da propia vida.*

*Mañá irei a Begonte, un ano máis, e allí sentado en silencio reencontra-reime comigo mesmo ollando o labor communal e incansable dun pobo chairego unido por lazos indestructibles que simbolizan aquel Belén de Oriente, recreando as horas e os días dos seus devanceiros, conservando os seus sinais de identidade nos seus traballo, nos seus oficios, nos seus sentimento e con humildade e tenrura seguen o camiño certo da luz da Estrela que os leva ao verdadeiro Presébe. Nesta obra iniciada polo cura don Xosé Domínguez Guizán, seguida e engrandecida polo seu irmán don Xesús, todo zumega sinxeleza e autenticidade arredor da familia, da veciñanza e da amizade, desde as propias figuriñas co seu natural movemento ata o ambiente de recollemento. Esculcarei, como a curuxa na escuridade, ata que me esperte o branco amencer sobre os cumes e volverei coa mirada limpa como a auga do río. Uns minutos que me devolvan un anaco de humanidade liberándome desta sensación de asfixia.*

*Convido a todos os que aínda teñen fe neles mesmos a que o visiten para que renaza o entrañable espírito de Nadal perdido e acenda un lume novo nos corazóns que non permita que nos arrastremos polos escaparates da vaidade e da soberbia mentres lembro ao gran poeta chairego Aquilino Igle-sia Alvariño con aqueles fermosísimos versos da “Oración do sapo” “... Dainos, Señor,/ un alpendre de sombra e de luar/ para cantar./ E un carreiriño de vagalumes!/ polas hortas vizosas do teu reino”.*